

ÍNDICE DE PREZOS DE CONSUMO HARMONIZADO (IPCH): O ÍNDICE EUROPEO

PILAR GONZÁLEZ MURIAS / JOSÉ MARÍA RIÓBÓ ALMANZOR
Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 8 outubro 1997

Aceptado: 13 xaneiro 1998

Resumo: Un dos obxectivos da política económica de calquera país está constituído polo control da inflación, a cal se cifra na variación dalgúns dos índices de prezos que se determinan. A más usual é a do índice de prezos de consumo que, con algunas diferencias metodolóxicas, calculan a maioría de países.

No ámbito da Unión Europea, o control da inflación tamén se converteu nun obxectivo que os distintos estados membros deben alcanzar para participar nas distintas etapas de integración que se marcaron. Para realiza-lo seguimento dese obxectivo necesítase un índice de prezos cunha evolución que dependa dos cambios dos prezos e dos hábitos de consumo nos distintos países, polo que se require que sexa elaborado a partir dunhas normas comúns para todos. Isto é o que se pretende ó dispoñé-la determinación dos índices de prezos de consumo harmonizados.

Palabras Clave: Índice de prezos de consumo / Índice de prezos de consumo harmonizado / Unión Europea.

HARMONISED CONSUMER PRICE INDEX: EUROPEAN INDEX

Summary: One of the objectives of the economic policy of any country is the control of inflation. The value of inflation is given by the variation of some of the price indexes here determined. The most commonly used variable is the consumer price index which, with some methodological differences, is calculated by the majority of countries.

At European Union level, the control of inflation has also become an objective that must be achieved by all the country members in order to comply with the different integration stages they have established. To carry out the follow-up of such an objective it is needed a price index. Its evolution depends on the changes of the prices and the consume habits in the different countries and therefore it must be obtained by applying certain norms common to all. This is the goal when dealing with the determination of harmonised consumer price indexes.

Keywords: Consumer price indexes / Harmonised consumer price Index / European Union.

INTRODUCCIÓN

En xaneiro de 1997 iniciouse a segunda fase do denominado índice de prezos de consumo harmonizado (IPCH) o que, sen dúbida, suporá que se fale do IPCH con insistencia e que sexa sobre todo agora cando teñámo-la oportunidade de comprobar se coñecémo-lo auténtico significado das novas siglas que se incorporan ó conxunto das de uso frecuente. Tamén é probable que a entrada no que se denomina segunda fase sucedera sen decatarnos do que foi a primeira polo que este feito, unido á actualidade do tema, incitounos a realizar esta análise do IPCH.

XÉNESE DO IPCH

É coñecida para todos a importancia que se lle atribúe ó índice de prezos de consumo e ós seus movementos. Ademais doutros usos analíticos, o índice de prezos de consumo é o elemento fundamental que permite avaliar e comprende-la evolución dos prezos e, polo tanto, o estado do proceso inflacionista no que o seu control hai tempo que se constituíu nun obxectivo permanente de política económica.

Igualmente, dentro do marco da Unión Europea, a estabilidade dos prezos nos distintos estados membros constitúese nun obxectivo (criterio de converxencia) cun cumprimento que deberá ser examinado de forma adecuada. Os instrumentos básicos para esa análise son os índices de prezos de consumo que se calculen sobre unha base comparable entre os países. A totalidade dos países da Unión Europea calcula índices de prezos de consumo pero a súa comparación non está garantida polas diferencias en cobertura de mercadorías que se inclúen, polos modos de recollida dos prezos ou polos aspectos metodolóxicos máis ou menos importantes en canto á súa incidencia na homoxeneidade dos índices.

Debido ás cuestiós citadas, o Consello da Unión Europea dictou un regulamento (primeiro regulamento sobre o tema) que contén as normas estatísticas comúns para a elaboración de índices de prezos de consumo comparables en lugar ou ademais dos que cada país vén elaborando ou elaborará nun futuro. Estes índices que se calcularán baixo uns criterios mínimos de homoxeneidade serán os utilizados para valora-la inflación dos distintos países, para determinar un índice para o conxunto da Comunidade Europea, así como para o conxunto que constitúa a Unión Monetaria.

Os índices de prezos de consumo que se determinan ou que poidan determinarse en cada estado membro seguirán dispoñendo do mesmo significado como indicador de inflación, indicario nos convenios, etc.

O Regulamento (CE) nº 2494/95 define os seguintes conceptos de índices:

- "índice de prezos de consumo harmonizado (IPCH)": o índice de prezo de consumo comparable producido por cada estado membro;
- "índice de prezos de consumo europeo (IPCE)": é o índice de prezos de consumo elaborado pola Comisión a través da súa oficina de estatística (Eurostat) para a Comunidade Europea, a partir dos IPCH dos países integrantes;
- "índice de prezos de consumo da Unión Monetaria (IPCUM)": é o índice de prezos de consumo que determina, ó igual có anterior, a Comisión a través da súa oficina de estatística no que constitúe o marco da Unión Económica e Monetaria, a partir dos IPCH dos estados membros "que non sexan obxecto de excepción consonte o artigo 109 K do Tratado, mentres duren esas excepcións". É dicir, o índice para o conxunto de países que integren a Unión Monetaria, que serán os que alcanzaran os coñecidos como criterios de converxencia de Maastricht.

CARACTERÍSTICAS DO IPCH

As características fundamentais que han reuni-los IPCH dos países da Comunidade nesta etapa inicial son as que se formulan no Regulamento anteriormente citado. Son, polo tanto, as características que están garantindo que se cumpran os IPCH e dos que a súa publicación se iniciou en marzo de 1997 referidos a xaneiro do mesmo ano. A continuación analizarémo-lo conxunto desas características.

En primeiro termo, cómpre sinalar que os IPCH serán considerados comparables cando reflectan exclusivamente variacións de prezos ou de hábitos de consumo nacionais e nunca cando difiran en conceptos, en métodos ou en prácticas de elaboración deles.

Os índices incluirán os prezos de tódolos bens e servicios que en cada estado se poidan mercar para satisfacer directamente a demanda dos consumidores. A información básica sobre os prezos e as ponderacións que permitan alcanza-la comparación esixida obteranse das enquisas de unidades estatísticas de observación. As fontes fundamentais son as enquisas de orzamentos familiares, polo que se refire ás ponderacións, e para os prezos, as recollidas que periodicamente se han realizar. As unidades estatísticas chamadas para cooperar na enquisa ou na comunicación de datos de prezos están obrigadas a facelo.

Os índices (IPCH, IPCE e IPCUM) determinaranse mensualmente. A enquisa de prezos (recollida) será mensual; poderá ter periodicidade superior se iso non vulnera as condicións de comparación esixidas ós IPCH. As ponderacións actualizáranse sempre que sexa necesario para mante-la homoxeneidade dos índices no que se refire ós hábitos de consumo que han representa-los bens e servicios nos que os prezos entren no índice. Isto, como recolle o regulamento, non ten por qué significar enquisas sobre orzamentos familiares con frecuencia inferior ós cinco anos, agás para aqueles países nos que a Comisión da Comunidade, polos procedementos previstos para tal fin, recoñecera cambios nos hábitos de consumo que convertan en necesarias as enquisas máis frecuentes.

A partir dessa información primaria, os índices obtéñense mediante unha fórmula tipo Laspeyres e considerando as categorías da clasificación internacional COICOP (Classification of Individual Consumption by Purpose). Sobre estas esixencias básicas, o Comité do programa estatístico, a quen este primeiro regulamento confire funcións de asistencia á Comisión, poderá realizar adaptacións na devandita clasificación, definición de métodos, detalle da fórmula, etc. de modo que a comparación quede sempre garantida.

O regulamento establece as dúas fases seguintes para a aplicación gradual dos referidos índices:

- a) Fase I: a partir de marzo de 1996 obrígase á Eurostat a elaborar unha serie provisional de índices de prezos para cada estado membro. Eses índices baséanse

integralmente nos índices de prezos de consumo nacionais axustados unicamente para que a cobertura de productos fora o máis parecida posible. O devandito axuste céñtranse sobre certas categorías de gasto para as que non foi posible chegar a un acordo que logre a homoxeneidade. Polo tanto, excluíronse:

- as vivendas ocupadas polos seus propietarios porque hai diferencias entre países en canto ó modo de asigna-la súa renda;
- os gastos en sanidade e en educación nos cales se producen importantes diferencias institucionais de país a país en canto ó modo en que os consumidores pagan eses servicios: directamente, a través de impostos...;
- igualmente, exclúense outras categorías de gasto que se tratan de maneira diferente por varios países membros.

En cambio quedaron incluídas algunas categorías que algúns países non tiñan nos seus índices nacionais, como é o caso das bebidas alcohólicas e o tabaco.

b) Fase II: os IPCH elabóranse a partir de xaneiro de 1997 e os primeiros resultados foron publicados en marzo. O período de referencia do índice é 1996 para o cal se iguala a 100 a media dos doce índices mensuais. Polo tanto, as variacións de prezos establecéntense en función dos índices do ano 1996.

DIRECTRICES BÁSICAS PARA A COMPARACIÓN DOS IPCH

Segundo se desprende da propia xénese do IPCH, a comparación entre os IPCH que elabora cada estado membro é un requisito prioritario. Para iso é necesario seguir unhas normas mínimas que a poidan garantir. Esas normas céñtranse en aspectos como:

- a cobertura de bens e servicios e as medidas que hai que seguir para a actualización da cobertura;
- as prácticas que hai que seguir para incorporar novos bens e realiza-los axustes de calidade, se fosen necesarios;
- as normas sobre os prezos utilizados;
- a fórmula de cálculo;
- a información que cada estado membro ha proporcionar.

As normas mínimas sobre estes aspectos sinalados que han ser observados polos distintos países atópanse recollidas nos Regulamentos 1749/96 e 2214/96. O más importante de cada un deles sintetizámolo de seguido.

♦ *Cobertura*: os IPCH incluirán tódolos bens e servicios incluídos na clasificación COICOP del consumo individual por obxectivo adaptada ás necesidades do IPCH, segundo se recolle no anexo ó Regulamento 1749/96 xa citado. Os subíndices elaboraranse e proporcionarase información deles sempre que cada unha das

categorías incluídas na devandita clasificación represente, cando menos, o un por mil de todo o gasto que se cobre con esa clasificación.

As categorías que pola súa especial dificultade quedaron inicialmente excluídas (vivenda en propiedade, servicios de sanidade e educación e outras) están pendentes dun estudio que resolva o modo en que se poden incluir.

♦ *Novos bens e servicios*: na terminoloxía do regulamento os bens e servicios recentemente significativos son aqueles nos que os cambios de prezos non están explicitamente incluídos no IPCH dun país e nos que o gasto alcanza como mínimo o un por mil do gasto cuberto por ese índice. A norma establece que os estados deben intentar identifica-los bens e servicios recentemente significativos, así como controlar se bens recentemente significativos noutros países o son ou non no propio. Á súa vez, establécese o prazo dos doce meses seguintes á súa identificación para que se inclúan os seus cambios de prezos.

Sobre todo, esta normativa pretende que a medida da inflación non poida ser criticada por non recoller aqueles produtos recentes que estenderon o seu uso ó introducir este mecanismo de control que exixe a actualización da cobertura no sentido comentado, segundo se van producindo os desenvolvimentos do mercado.

♦ *Cambios de calidade*: establécese que ten lugar un cambio de calidade cando varían as características, de maneira que se produce unha diferencia significativa na utilidade dunha variedade de ben ou de servicio o un modelo novo con respecto ó anteriormente seleccionado.

Os IPCH manterán a comparación cando se realicen os axustes pertinentes baseados en estimacións explícitas do valor de cambio de calidade ben nacionais ou ben baseadas na información que facilite o Eurostat. Se non se dispón de estimacións, os cambios de prezos calcúlanse pola diferencia entre o prezo do substituto e do artigo que substituíu.

O obxectivo de regula-los procedementos de axuste de calidade baséase no fin último de conseguir que os índices reflectan variacións "puras" de prezos, illándoas doutros cambios como poden se-los de calidade.

♦ *Normas sobre os prezos utilizados*: estas normas pretenden que os posibles problemas para a observación periódica dos prezos se obvien con "prorrugas" de prezos de períodos anteriores realizadas de modo sistemático. Para iso establécese, en primeiro lugar, que cando a observación sexa mensual e non poida realizarse poderán usarse prezos estimados o primeiro e o segundo mes pero a partir do terceiro deberán utilizarse prezos de substitución. Se as observacións requiridas son de periodicidade inferior ó mes, poderán utilizarse prezos estimados na primeira ocasión que a observación falle pero se o erro aparece dúas veces consecutivas, deberán usarse prezos de substitución.

En todo caso, tamén se dispón que se os prezos de substitución non están disponibles, continuarán usándose os prezos estimados sempre que iso non limite o nivel de comparación dos índices.

♦ *Fórmula de cálculo:* establecése a recomendación de que os índices dos agregados elementais (o menor nivel de desagregación para os cales se dispón de información de ponderación) se determinen utilizando algunha das fórmulas seguintes:

$$I^{tb} = \frac{\frac{1}{n} \sum p^t}{\frac{1}{n} \sum p^b}$$

$$I^{tb} = \frac{\left[\prod p^t \right]^{\frac{1}{n}}}{\left[\prod p^b \right]^{\frac{1}{n}}}$$

onde p^t é o prezo corrente, p^b é o de referencia e n o número de prezos no agregado elemental. É dicir, o índice do agregado elemental aconséllase determinalo mediante o cociente das medias aritméticas dos prezos ou o cociente das medias xeométricas.

En todo caso, admítese calquera outra fórmula comparable que non proporcione índices que de modo sistemático difirán do que se obtén coas fórmulas sinaladas en máis do 0,1% como media nun ano anterior. En xeral, non deberá usarse a media aritmética dos prezos relativos $\frac{1}{n} \sum \frac{p^t}{p^b}$ se non cumple o criterio anterior (o que con fecuencia non fai).

Igualmente establecése a posibilidade de calcula-lo índice do agregado elemental como un índice en cadea:

$$I^{tb} = \frac{\sum_{i \in s_b} p_i^1}{\sum_{i \in s_b} p_i^b} \cdot \frac{\sum_{i \in s_1} p_i^2}{\sum_{i \in s_1} p_i^1} \cdots \frac{\sum_{i \in s_{t-1}} p_i^t}{\sum_{i \in s_{t-1}} p_i^{t-1}}$$

onde p_i^t é a observación i -ésima do prezo dun agregado elemental no período t e con s_t indícase a mostra de prezos obtida no período t (xa que esa mostra se pode actualizar mensualmente).

♦ *Información que se ha facilitar:* dispone no Regulamento 2214/96 que cada estado membro deberá elaborar e transmitir tódolos subíndices, entendendo por tales tódolos índices de prezos das categorías de gasto que se recollen nos anexos do regulamento, segundo a xa citada clasificación COICOP/IPCH, sempre que no estado correspondente supoña, cando menos, o un por mil do gasto total cuberto polo IPCH. Isto tamén busca poder realizar unha análise detallada da inflación ó permiti-lo seguimento dos distintos componentes.

Eurostat difundirá os subíndices considerando 1996=100 por se-lo ano base.

CARACTERÍSTICAS METODOLÓXICAS DO IPCH ESPAÑOL

Como se sinalou, o índice de prezos de consumo harmonizado (IPCH) pretende proporcionar unha medida de inflación que resulte comparable entre os diversos países e que será a base que permita valora-lo cumprimento dos criterios de converxencia establecidos con respecto a esta materia.

A base dos IPCH son os índices de prezos de consumo nacionais sobre os que habérá que realizar adaptacións para incluílos dentro das distintas normas establecidas polos regulamentos citados e comentados anteriormente.

No caso español, que dispón dun índice renovado, os cambios con respecto ó IPC son, en primeiro lugar, a exclusión dalgúns funcions de consumo: os servicios médicos e a ensinanza regrada, os medicamentos e os productos farmacéuticos subvencionados. Noutros casos exclúense parte, como é o caso dos seguros porque só se consideran os gastos ligados ás primas netas, e dos automóbiles onde se eliminan os gastos correspondentes ás vendas entre consumidores. A porcentaxe de ponderación total que se elimina está en torno ó 5%.

Os oito grupos de gasto que normalmente presenta o IPC son:

- 1) Alimentos, bebidas e tabaco.
- 2) Vestido e calzado.
- 3) Vivenda.
- 4) Equipamento e servicios para o fogar.
- 5) Medicina e conservación da saúde.
- 6) Transportes e comunicacíons.
- 7) Lecer, ensinanza e cultura.
- 8) Outros bens e servicios

Estes oito grupos quedan, para os IPCH e segundo a COICOP, nos doce seguintes:

- 1) Alimentos e bebidas non-alcohólicas.
- 2) Bebidas alcohólicas e tabaco.
- 3) Artigos de vestir e calzado.
- 4) Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles.
- 5) Mobiliario, equipamento doméstico e artigos de decoración, alfombras e outros recubrimientos para solos e reparacións.
- 6) Sanidade.
- 7) Transporte.
- 8) Comunicacíons.
- 9) Lecer e cultura.
- 10) Educación.
- 11) Hoteis, cafés e restaurantes.
- 12) Outros bens e servicios.

O índice determinábase utilizando a fórmula de Laspeyres, ó igual que para o IPC.

$$I = \sum_i I_i \cdot w_i$$

Os índices dos agregados elementais I_i determinánse de acordo co que establecen as normas comunitarias que, no caso do noso país, se realizan cun cociente de medias aritméticas de prezos:

$$I_i^t = \frac{\frac{1}{n} \sum_j p_{ij}^t}{\bar{p}_i^{96}} \times 100$$

onde p_{ij}^t é o prezo dos artigos do agregado i no establecemento j no período corrente t ; \bar{p}_i^{96} é o prezo medio do agregado elemental i no período base do IPCH, 1996; n é o número de prezos recollidos no agregado i .

As ponderacións w_i mantéñense fixas para cada agregado elemental durante todo o período de vixencia do índice. As ponderacións son as que se determinaron para o ano 1996. No caso español, estas ponderacións son o resultado de actualizadas do IPC base 1992 seguindo o seguinte procedemento:

$$w_i = \frac{w_{i92} \bar{I}_{i92}^{96}}{\sum_i w_{i92} \bar{I}_{i92}^{96}}$$


onde w_{i92} é a ponderación do agregado elemental i do IPC base 1992; \bar{I}_{i92}^{96} é o índice medio do agregado elemental i para o ano 1996 base 1992.

As ponderacións do IPC base 1992 son:

Grupos	Ponderación
1. Alimentos, bebidas e tabaco	29,36
2. Vestido e calzado	11,48
3. Vivenda	10,28
4. Equipamento e servicios para o fogar	6,68
5. Medicina e conservación da saúde	3,13
6. Transporte e comunicacóns	16,54
7. Lecer, ensinanza e cultura	7,27
8. Outros bens e servicios	15,26
TOTAL	100,00

As ponderacións do IPCH español para os doce grupos que resultan de adaptar-as ponderacións do IPC segundo o anteriormente comentado quedan como ilustra a figura 1.

Figura 1.- Ponderacións dos doce grupos do IPCH español



CONCLUSIÓN

Como se deduce do anteriormente exposto, os criterios de inflación entre países da Unión Europea xa se miden polo IPCH. A harmonización feita é importante pero aínda deixá pendentes campos que requieren investigación adicional e que se irán incorporando ás metodoloxías dos índices.

O seguimento da evolución dos diferentes índices de prezos analizados é o que permitirá un coñecemento exacto da situación inflacionista en cada momento, o que resulta da máxima importancia nos diversos campos da política económica dun país.

BIBLIOGRAFÍA

- INE (1994): *Índice de Precios de Consumo. Base 1992. Metodología*. Madrid: INE.
 "Reglamento (CE), núm. 2494/95 del Consejo, de 23 de outubro de 1995, relativo a los índices armonizados de precios al consumo", *Diario Oficial de las Comunidades Europeas*, núm. L 257, de 27-10-95, pp. 1-4.
 "Reglamento (CE), núm. 1749/96 de la Comisión, de 9 de setiembre de 1996, para la adaptación inicial de las medidas del Reglamento (CE) núm. 2494/95 del Consejo sobre

los índices armonizados de precios al consumo", *Diario Oficial de las Comunidades Europeas*, núm. L 229, de 10-09-95, pp. 3-10.

"Reglamento (CE), núm. 2214/96 de la Comisión, de 20 de noviembre de 1996, relativo a los índices de precios al consumo armonizados: transmisión y difusión de los subíndices de los IPCA", *Diario Oficial de las Comunidades Europeas*, núm. L 296, de 21-11-96, pp. 8-29.

